

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE RESOLVEN AS SOLICITUDES DE AXUDAS PARA O ANO 2024 PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DOCENCIA QUE PROMOVAN A PERSPECTIVA DE XÉNERO NA UNIVERSIDADE DE VIGO

Publicada a convocatoria do ano 2024 para a organización de actividades de docencia que promovan a perspectiva de xénero na Universidade de Vigo por Resolución Reitoral do 06 de febreiro de 2024, e unha vez valoradas todas as solicitudes por parte da comisión seguindo os criterios recollidos na convocatoria.

A comisión decidiu outorgar axudas a aqueles proxectos que obtiveran 50 ou mais puntos.

Esta Reitoría resolve:

1. CONCEDER as seguintes axudas ás actividades sinaladas:

Proposta	Cantidade solicitada	Puntuación	Cantidade concedida
La política fiscal y la erradicación de la violencia contra las mujeres	1.604,99 €	93	720,00 €
Conferencia: Xénero, coidados e diversidade funcional. Unha perspectiva desde o traballo social	280,00 €	90	200,00 €
Do sexting ao acoso e abuso sexual baseado nas imaxes entre adolescentes: novos riscos online	2.000,00 €	90	920,00 €
Interseccións Dixitais: desafiando nesgos e construíndo o futuro da comunicación dende o feminismo	2.000,00 €	90	920,00 €
As mulleres maiores sofren violencia de xénero. Esquecidas ou invisibilizadas?	2.000,00 €	89	920,00 €
Desempeño profesional e liderado feminino: Experiencias de egresadas da Facultade de Comercio	250,00 €	87	150,00 €
VI Xornada. A pobreza e a muller na Antigüidade	2.000,00 €	80	780,00 €
Sexismo lingüístico e violencia verbal cara ás mulleres	2.000,00 €	77	720,00 €
Ciclo de conferencias «Creativas na rede: campañas, responsabilidade e efectos da publicidade»	1.000,00 €	75	370,00 €
Derechos sexuales: La explotación sexual de las mujeres y las niñas	2.400,00 €	75	830,00 €

Xornada: «Orientación laboral a través da experiencia profesional de mulleres na Enxeñaría»	2.000,00 €	73	750,00 €
I Xornada Igualdade para o alumnado internacional	2.000,00 €	66	550,00 €
VI Conferencia «Control de Xestión dende unha perspectiva de xénero: Conversas #emprende»	1.800,00 €	59	400,00 €
Feminismo y Teoría del Derecho VII: El debate sobre la pornografía	1.600,00 €	51	350,00 €
VI Xornada de Igualdade de xénero e Dereito Mercantil: «A muller ante os novos desafíos do Dereito Mercantil»	1.300,00 €	51	300,00 €
Entrevista a Djaili Amadou Amal.	426,88 €	50	120,00 €

2. DENEGAR as seguintes solicitudes por non chegar ao mínimo de 50 puntos nas valoracións da comisión

Proposta	Cantidade solicitada	Puntuación
Conferencia de Laura Feal	250,00 €	48
Sesión sobre Katherine Mansfield	780,00 €	46
2ª edición Videoxogos e desigualdade: un enfoque multidisciplinar e feminista	500,00 €	45
Mulleres do Cinema-Arte	2.500,00 €	45
Tecnoloxía Educativa Crítica para rachar cos estereotipos e sesgos de xénero	1.200,00 €	41
Educa para cooidarte, pensar e actuar desde a perspectiva de xénero	2.000,00 €	33

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte da súa publicación (ou desde o día seguinte a ter recibido a súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou desde o día seguinte ao recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá

interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Manuel Joaquín Reigosa Roger